

Manuel Graña

Manuel Graña González naceu en Cangas do Morrazo o día 13 de decembro de 1878.

Xornalista e escritor, fixo a carreira sacerdotal e doutorouse en Teoloxía en Roma. Marchou aos Estados Unidos para estudar xornalismo na Universidade de Columbia en Nova York, viaxou moito polo estranxeiro e chegou a adquirir o dominio de varios idiomas.



En 1926 fundou con Ángel Herrera Oira a escola de Xornalismo de "El Debate", da que saíron coñecidos xornalistas. Máis tarde foi asesor do Sindicato Nacional de Pesca e desempeñou a cátedra de Inglés no instituto madrileño Santo Isidro.

Á súa iniciativa débese a creación do Centro de Alimentación e Ensinanza e a implantación da confraría de pescadores de Lourizán, polo cal foi obxecto dunha entusiasta homenaxe nesta parroquia pontevedresa en agosto de 1951, acto no que falou na súa honra, Sánchez Cantón.

Pouco antes da súa morte, a proposta da XXI Asemblea da Federación de Asociacións de Prensa desenvolvida en Córdoba en

maio de 1963, foi nomeado Periodista de Honor. Faleceu en Madrid o 28 de novembro de 1963.

Manuel Graña, cura, escritor e xornalista, escribiu para varios xornais da época, publicou varios libros e tratados de xornalismo, e incluso o libro "Panes y peces", unha serie de estudos sobre as especies de fauna mariña.

Compuso a letra do Himno do Cristo do Consolo de Cangas.

En setembro de 1949, por acordo do Concello de Cangas, foi nomeado fillo predilecto da vila e déuselle o seu nome a unha rúa. Oito anos despois colocouse un busto seu nos Xardíns de Soaxe.



Traballo de Nuria e Alejandro.